OFERTA EMPREGO PUBLICO 2005
AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL
09-05-2007

1.- Tanto as ordenanzas locais como os regulamentos e os bandos do Alcalde:

A) Son expresión da potestade regulamentaria que se recoñece ás entidades locais.
B) Son expresión da potestade lexislativa popular
C) Son fontes xurídicas subsidiarias.
D) Son expresión do dereito consuetudinario

2.- A pertenza dun municipio a dúas provincias:

A) Admítese excepcionalmente
B) Debe estar prevista en norma con rango de lei
C) Está prohibida no noso ordenamento xurídico
D) As respostas A) e B) son certas.

3.- A Lei reguladora das bases de réxime local é de data:

A) 24 de xuño de 1955.
B) 2 de abril de 1985.
C) 13 de xuño de 1986
D) 28 de xuño de 1986.

4.- A condición de vicepresidente da Deputación, pérdese por:

A) Moción de censura
B) Neglixencia no exercicio das súas funcións
C) Perda da condición de membro da Xunta de Goberno.
D) Calquera das causas anteriores.

5.- Segundo a Lei 3/1992, os interesados poderán entender non estimadas por silencio administrativo as súas peticións, nos procedementos iniciados a solicitude do interesado:

A) Cando se trate de procedementos de exercicio do dereito de petición ao que se refire o art. 29 da CE.
B) Nos procedementos de impugnación de actos e disposicións
C) Aqueles procedementos cuxa estimación tivera como consecuencia, que se transfiran ao solicitante ou a terceiros, facultades relativas ao dominio público ou ao servizo público.
D) Todas son correctas.

6.- Non é unha situación administrativa dos funcionarios de carreira da Administración local:

A) A excedencia forzosa
B) Os servizos especiais
C) A excedencia voluntaria
D) A excedencia especial

7.- A falta de determinación legal expresa, o prazo de prescrición das sancións administrativas leves é de:

A) Seis meses
B) Dous meses
C) Un ano
D) Dous anos.

8.- ¿A quen corresponde a competencia para solicitar do Estado a transferencia de competencias non asumidas no Estatuto?

A) Á Xunta de Galicia
B) Ao Parlamento de Galicicia
C) Ao Presidente da Xunta
D) Ningunha das respostas anteriores é correcta

9.- A adopción de medidas de carácter provisional requirirá:

A) Un acordo motivado
B) A adopción dun mero acto de trámite
C) A adopción dunha resolución
D) Non precisará acordo ningún.

10.- Todas as delegacións serán realizadas polo Alcalde mediante:

A) Orde
B) Resolución
C) Decreto
D) Circular

11.- ¿Poden asumir as Mancomunidades de municipios a totalidade das competencias asignadas aos mesmos?

A) Non
B) Si
C) Só as mínimas
D) Só as necesarias.

12.- ¿Cal é o fin do Fondo de Compensación Interterritorial?

A) Corrixir desequilibrios económicos interterritoriais e facer efectivo o principio de solidariedade.
B) Distribuír os recursos económicos de todas as provincias dunha Comunidade Autónoma
C) Facer efectivo o principio de autonomía dos municipios integrantes dunha Comunidade Autónoma
D) Todas as respostas anteriores son correctas

13.- Nos créditos para gastos correntes incluiranse:

A) Os de funcionamento dos servizos
B) Os de transferencias de capital
C) As variacións de pasivos financieiros
D) As inversións reais.

14.- No caso de que non se reúna o quorum necesario para que se poda celebrar unha sesión plenaria en primeira convocatoria, constituirase en segunda convocatoria, despois de determinado prazo, sendo suficiente o quorum seguinte:

A) Un terzo do número legal de membros e nunca en número inferior a tres, dous días despois.
B) Unha quinta parte dos seus membros, dúas horas despois.
C) A terceira parte dos seus membros nun número non inferior a tres e unha hora despois.
D) A maioría simple dos seus membros e corenta e oito horas despois.

15.- ¿Que principios deben respectar os tributos que establezan as entidades locais?

A) Non gravar bens situados dentro do territorio da Entidade.
B) Non gravar negocios celebrados fóra do territorio da Entidade impositora
C) Gravar o exercicio ou a transmisión de bens, dereitos ou obrigas que non naceran nin tiveran de cumprirse no territorio da entidade impositora.
C) Todas as respostas anteriores son correcta.

16.- Para que poda ser incluído algún asunto fóra da orde do día dunha sesión ordinaria do Pleno, requirirá:

A) O voto favorable da maioría absoluta do seu número legal.
B) Que así o decida o seu Presidente
C) O voto favorable da maioría dos seus asistentes.
D) Non se pode incluír ningún asunto fóra da orde do día.

17.- ¿Pódese presentar máis dunha moción de censura contra o mesmo presidente dunha entidade local?

A) Si, cando prospera unha delas
B) Só en distintos períodos de sesións
C) Depende do Regulamento orgánico da entidade.
D) Nada do exposto é certo

18.- ¿Que norma se refire á necesidade de que exista na organización administrativa dos Concellos unha Oficina municipal de información que canalice toda a actividade relacionada con información administrativa?

A) O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais.
B) A Lei de bases de réxime local
C) A Lei de facendas locais
D) A Lei de contratos das administracións públicas.

19.- A proposta de candidato á Presidencia do Goberno, ¿faina sempre o Rei?

A) Si
B) Non
C) Si, agás no caso de cuestión de confianza
D) Si, co referendo do ministro de xustiza, como notario maior do reino.

20.- É función do Rei:

A) Aprobar os presupostos xerais do Estado
B) Exercer a potestade lexislativa
C) Controlar a constitucionaldade das leis
D) Ningunha é correcta

21.- Segundo o artigo 184 do ROF a recusación será resolta polo Presidente ou o Pleno, no seu caso, no prazo de:

A) Dez días
B) Dous días
C) Quince días
D) Trinta días

22.- Os efectos dunha declaración de nulidade absoluta prodúcense desde:

A) Que se notifique o acto anulatorio
B) O momento da declaración da nulidade
C) A notificación ou publicación do acto anulatorio, segundo os casos
D) Que se dictou o acto anulado

23.- È contido mínimo dun Estatuto de Autonomía:

A) Denominación da Comunidade Autónoma
B) Delimitación do territorio da Comunidade Autónoma
C) Competencias asumidas
D) Denominación da Comunidade, delimitación do territorio, denominación, organización e sede das súas institucións, competencias asumidas e bases para o traslado de servizos.

24.- Nunha Corporación de cincuenta e nove funcionarios existirán representados:

A) Un delegado de persoal
B) Dous delegados de persoal
C) Un comité de empresa
D) Unha xunta de persoal

25.- Cando a administración traslada un acto por carta, debe:

A) Certificala
B) Chega co selo do rexistro de saída
C) Enviala con copia
D) Avisar previamente ao interesado por telegrama

26.- Nunha comunicación particular, ao citarse unha lei, debe:

A) Consignarse o boletín oficial no que se publicou
B) Sinalar o seu número e data, exclusivamente
C) Sinalar quen a elaborou
D) Indicar a súa data, número e nome.

27.- ¿Cal é o prazo para interpoñer un recurso contencioso-administrativo contra un acto presunto?

A) Tres meses.
B) Seis meses
C) Catro meses
D) Vinte días

28.- A "reformatio in peius", en materia de recursos:

A) Admítese como regra xeral.
B) Só se permite en materia sancionadora.
C) Admítese cando o recurso está claramente infundado.
D) Está expresamente prohibida.

29.- O artigo 140 da Constitución española de 1978:

A) Garante a autonomía dos municipios
B) Outorga autonomía aos municipios e provincias
C) Establece o principio de solidariedade territorial
D) Recoñece a potestade tributaria da administración local.

30.- A audiencia ao interesado é:

A) Potestativa sempre
B) Obrigatoria en todo caso
C) Obrigatoria en ocasións
D) Pode non darse en determinados supostos taxados.

31.- Entre a administración titular e unha empresa privada da mesma prestadora dun servizo público dase unha relación:

A) Orgánica
B) De propiedade, ao pertencer á primeira íntegramente o seu capital social
C) De arrendamento
D) Concertada

32.- A misión de velar pola independencia dos tribunais e procurar ante estes a satisfacción do interese social é propia do/dos:

A) Poder xudicial
B) Consello xeral do poder xudicial
C) Ministerio fiscal
D) Xuíces e tribunais

33.- Os principios rectores da política social e económica regulamentanse no seguinte capítulo e título da Constitución:

A) Segundo do primeiro
B) Terceiro do primeiro
C) Terceiro do preliminar
D) Primeiro do séptimo

34.- Para que, ao longo do exercicio económico, non se presente déficit no presuposto:

A) Compensarase no mesmo momento no que se acorden os decrementos dos créditos e os incrementos dos ingresos.
B) Dita compensación efectuarase respecto dos decrementos dos ingresos e os incrementos dos créditos.
C) Non se levará a cabo gasto ningún que o provoque
D) Incrementaranse os conceptos tributarios vixentes

35.- ¿Que ordenanzas deberán publicar os anuncios de exposición pública nun diario dos de maior difusión da provincia?

A) O regulamento orgánico
B) As ordenanzas de policía
C) As ordenanzas fiscais
D) Os bandos

36.- Emanan respectivamente de administrados e administración:

A) Citacións e peticións
B) Requirimentos e notificacións
C) Denuncias e queixas
D) Denuncias e notificacións

37.- Se a administración se ve obrigada a resarcir a un particular dun dano causado por unha actuación administrativa na que mediou neglixencia grave dun funcionario:

A) Só lle aboará se o funcionario é insolvente e despois de dirixirse o particular contra el.
B) Indemnizaralle e esixiralle de oficio ao funcionario a súa responsabilidade, para a devolución do aboado
C) Indemnizaralle e abriralle expediente disciplinario ao funcionario
D) a) e b) son certas

38.- ¿Existe, entre as citadas, unha ordenanza que non sexa fiscal?

A) Ordenanza sobre aproveitamento de bens patrimoniais
B) Ordenanza regulamentadora de taxas por licenzas de apertura
C) Ordenanza sobre contribucións especiais
D) Todas as ordenanzas anteriores son fiscais

39.- De todo documento recibido no rexistro dun organismo oficial, farase un asento que constará de:

A) Un número de documento e nome do interesado exclusivamente
B) Un número de documento, data de recepción, nome do interesado ou oficina da que proceda e dependencia á que se envía
C) Data de recepción, nome do interesado, o seu número de DNI e data de nacemento
D) Nome do interesado e nome e apelidos da persoa á que se envía

40.- O dereito de acceso a rexistros e arquivos si poderá ser exercido, se ben se rexirá polas súas disposicións específicas, con relación a:

A) Os que conteñan información sobre a defensa nacional ou a seguridade do estado.
B) O rexistro civil e o rexistro de penados e rebeldes
C) Materias protexidas polo segredo comercial ou industrial
D) Actuacións administrativas derivadas da política monetaria

RESERVAS

41.- O funcionario poderá incorrer en responsabilidade patrimonial, tanto cando coa súa actuación producira danos nos bens e dereitos dos particulares, como nos da Administración, puidendo a administración esixila ao funcionario causante do dano, sempre que:

A) Tivese incorrido en dolo, culpa ou neglixencia grave
B) Tivese incorrido en culpa, aínda que esta fora leve
C) En todo caso, incluso a título de mera neglixencia
D) En ningún caso, xa que a responsabilidade da Administración é directa

42.- A eficacia dos actos administrativos quedará demorada:

A) En ningún caso
B) Cando esté supeditada á súa notificación
C) Cando se interpoña o correspondente recurso
D) Cando así o solicite quen interpón o recurso.

43.- Para constituír as sesións plenarias é preciso a concorrencia da maioría que se expón a continuación e para a constitución da Corporación ¿que maioría se precisa?

A) Maioría absoluta e maioría de dous terzos respectivamente
B) Un terzo do número legal de membros da Corporación no primeiro caso e a maioría absoluta no segundo
C) Dous terzos do número legal de membros e a totalidade dos electos, respectivamente
D) Maioría absoluta en ambos dous casos

44.- ¿Que é o rexistro de intereses nunha Corporación local?

A) O rexistro onde se anotan os bens de que dispoñen os membros da Corporación local.
B) O rexistro de bens patrimoniais, dereitos e intereses
C) O rexistro dos inmobles e semovientes e capital mobiliario
D) O rexistro dos valores e garantías prestadas a favor da corporación local.